



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE MONFERO O DÍA VINTE E OITO DE XANEIRO DE DOUS MIL VINTE E SEIS (3/2026)

Na Casa do Concello de Monfero, ás doce horas e cincuenta e dous minutos do día vinte e oito de xaneiro de dous mil vinte e seis, en primeira convocatoria, baixo a Presidencia do Primeiro Tenente de Alcalde, D. Alberto Cortizas Rejo, alcalde en funcións, por enfermidade do Sr. Alcalde, D. Andrés Feal Varela, reúnen-se os Sres. Concelleiros: D. José Grueiro Torrado e D. Ramón Grueiro Martínez, para o efecto de celebrar a sesión ordinaria convocada para ese día ás doce horas e trinta minutos.

Actúa como Secretaria, D.^a Ana Ramos Ramos, secretaria en réxime de acumulación.

Os asuntos da orde do día son os seguintes:

1. Aprobación da acta da sesión do día 21 de xaneiro de 2026
2. Devolución de garantía definitiva
3. Asuntos urxentes

1. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DO DÍA 21 DE XANEIRO DE 2026

Sr. Alcalde en funcións pregúntalles aos asistentes se teñen que facer algunha alegación á devandita acta, que, como está acordado, se publicou con anterioridade á convocatoria desta sesión no Taboleiro de Anuncios Electrónico do Concello, e non formulan ningunha. O Sr. Alcalde en funcións, ao non facerse ningunha alegación, declara que a acta da sesión do día 21 de xaneiro de 2026 se considera aprobada sen ningunha obxección por **UNANIMIDADE** dos presentes.

2. DEVOLUCIÓN DE GARANTÍA DEFINITIVA

A Sra. Secretaria-interventora dá conta da solicitude da empresa interesada, do informe do arquitecto contratado para o efecto e da proposta de acordo da Alcaldía con respecto a este punto que consta asinada dixitalmente no expediente electrónico e quese transcribe literalmente deseguido:

“PROPOSTA DE ACORDO QUE FORMULA A ALCALDÍA

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

- XESTIÓN DE PROPOSTAS -2026/G006/000017

Asunto: DEVOLUCIÓN GARANTÍA (POS+AD2B/2023)

Logo de ver a documentación do expediente 2026/X002/000001, instruído para a devolución da garantía definitiva solicitada pola empresa, Construcciones Ponciano Nleto, S.L., constituída mediante Aval, por importe de 1841,05 €, para responder da execución do contrato da obra "ACOND. CAMIÑO EN ACEA, MEDIANTE FORMACIÓN DE DIQUE, PARROQUIA DE SAN FIZ, e o informe emitido, por D. Antonio López Rodríguez, Arquitecto contratado para o efecto, que conclúe:

"Dado que non consta notificación por escrito á empresa encargada da execución dos traballos no período de garantía, non existe ningún impedimento desde o punto de vista técnico que aconselle a non devolución da garantía que garantía o cumprimento dos contratos de execución da obra indicada, posto que se cumpriu con suxeición ao proxecto técnico e/ou prescricións técnicas e administrativas que se sinalaron, ante o cal infórmase favorablemente a cancelación e devolución."

Propóñolle á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1. Cancelar a citada garantía e ordenar a súa devolución
2. Notificar o presente acordo á empresa solicitante

O Alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo"

A Xunta de Goberno local, por delegación da Alcaldía, toma razón e, por **UNANIMIDADE** dos presentes, acorda aprobar a proposta.

3. ASUNTOS URGENTES

Pola alcaldía se indica que, sendo que, os expedientes que se exhiben, se atopan finalizados e coa xustificación do seu carácter de urxencia, por non retrasar a resolución do expediente cuia



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

tramitación se atopa finalizada, propónse previa ratificación da urxencia, incluír na orde do día os seguintes expedientes:

3.1 ADXUDICACIÓN CONTRATO MENOR

Sometida a votación a ratificación da urxencia da inclusión do asunto na orde do día, acórdase o mesmo por UNANIMIDADE dos presentes.

A continuación, a Sra. Secretaria-interventora dá conta deste expediente de contratación que se transcribe literalmente deseguido:

3.1 ADXUDICACIÓN CONTRATO MENOR

“PROPOSTA DE ACORDO QUE FORMULA A ALCALDÍA

EXPEDIENTE CONTRATO MENOR 2026/C002/000001	
Órgano de contratación:	Xunta de goberno local
Tipo:	Servizos
Obxecto:	ACTIVIDADE LÚDICA ENTROIDO 2026 (segundo a memoria valorada que consta no expediente)
Código CPV:	92000000-1 Servizos de esparcemento, culturais e deportivos
Orzamento base licitación:	4.702,06 €
Aplicación orzamentaria:	2026.338.22795
Prazo execución:	14/02/2026
Necesidade e xustificación do contrato (art. 118.2 da Lei 9/2017)	Concello ten a necesidade de contratar o obxecto deste servizo para a realización e cumprimento dos seus fins institucionais e non conta cos medios propios precisos e suficientes, nin pode satisfacerse a dita necesidade con ningún outro contrato ou negocio xurídico previo en vigor
Fins institucionais que pretenden satisfacerse (competencia municipal):	Promoción da cultura e ocupación do tempo libre (art. 25.2 l) e m) da lei 7/1985, de 2 de abril)
OFERTAS (Solicitadas / Recibidas)	
CENTRO DE ACTIVIDADES FORMATIVAS E IMNOVACIÓN SL	Non presentaron oferta no prazo concedido
LA GUAGUA SERVICIOS SOCIOCULTURALES SL	
LUIS CASTRO SILVA	



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

MONTAMOS LA FIESTA SC		
GALICIA EVENTOS Y OCIO SL	3876,00€	Total: 4689,96€

Logo de ver a oferta recibida, o documento de retención de crédito na aplicación orzamentaria indicada e o informe da Secretaría-Intervención, considerando que o contrato é necesario polos motivos que se expresan, que o seu obxecto non é susceptible da súa división en lotes, a insuficiencia de medios para realizado, e que a utilización do contrato menor como sistema para a adxudicación, ademais de resultar procedente por non superar os límites para consideralo como tal, é o máis axeitado pola súa axilidade, eficacia e economía de trámite, e a reducida capacidade de xestión municipal que dificulta a utilización doutros procedementos, inxustificadas tamén economicamente polo reducido importe do contrato e pola urxencia de atender o asunto para realizar as actividades programadas, propóñolle á Xunta de goberno local a adopción do seguinte acordo:

1. Informar que o contrato ao que se refire este expediente é necesario polo motivo indicado na parte expositiva do presente acordo.
2. Xustificar que non se está alterando de maneira fraudulenta o obxecto do contrato para evitar un indebido fraccionamento del coa finalidade de prescindir da aplicación das regras xerais de contratación, de publicidade e demais requisitos.
3. Adxudicar ao contratista indicado o servizo que se especifica na memoria que consta no expediente, polo importe que se indica e mais aprobar o gasto correspondente, autorizándoo e dispoñéndoo con cargo á aplicación orzamentaria que se reflicte
4. Notificar este acordo ao adxudicatario, trasladándolle que este contrato non precisa de formalización para o seu perfeccionamento segundo o art. 36.1 da citada Lei 9/2017.
5. Trasladar este acordo ao Negociado municipal de Contabilidade, Tesourería e Nóminas para a realización das anotacións contables derivadas deste acordo de compromiso ou disposición de gasto.

O Alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo"

A Xunta de Goberno local, por delegación da Alcaldía, toma razón e, por UNANIMIDADE, acorda aprobar a proposta.



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

E sen máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde en funcións levantou a sesión, ás trece horas e cinco minutos do día ao principio indicado, e eu, como Secretaria, certifico.

O Alcalde en funcións
D. Alberto Cortizas Rejo

A Secretaria en réxime de acumulación
D.^a Ana Ramos Ramos